



Extracto da resolución da concelleira delegada da Área de Axenda Urbana, Turismo, Deporte e Promoción Económica polo que se acorda aprobar as bases reguladoras de “subvencións dirixidas ás entidades deportivas para o ano 2025”.

Primeiro.- Beneficiarios.

Entidades deportivas sen ánimo de lucro, que deberán estar legalmente constituídas e non estar incursoas en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción das axudas ou subvencións públicas.

As entidades solicitantes, deberán ter obxectivos e finalidades coincidentes co obxecto da subvención.

-Que os seus estatutos teñan obxectivos e finalidades deportivos.

-Estar inscritas no Rexistro de Asociacións de Galicia e no Rexistro de Asociacións do Concello das Pontes de García Rodríguez.

-Desenvolver as súas actividades no ámbito territorial do Concello ou sobre temas de interese para o Concello.

Segundo.- Obxecto.

A presente convocatoria ten por obxecto regular o procedemento de concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dirixidas ás entidades deportivas para o ano 2025. O Concello das Pontes de García Rodríguez quere pola presente convocatoria dar apoio ás entidades deportivas e contribuír para que consigan os obxectivos que lles son propios, fomentar a participación da cidadanía en cada ámbito de actuación, contribuíndo desta maneira para impulsar a democratizar a sociedade.

Terceiro.- Bases reguladoras.

O programa rexerá polas bases reguladoras específicas, que foron publicadas no BOP número 141, do 28 de xullo 2025 dispoñibles en:

https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2025/07/28/2025_0000004876.pdf

Cuarto.- Contía.

Destinaranse un importe de 520.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 2025.341.48900.

Quinto.- Criterios de valoración.

Os criterios de valoración son os establecidos na base quinta das Bases reguladoras específicas.

Sexto.- Lugar e prazo de presentación de solicitudes.

A solicitude terá exclusivamente formato electrónico e deberá presentarse a través da sede electrónica do Concello: <https://sede.aspontes.com/é/index.html>. Só poderase presentar unha solicitude por titular (se se presentan máis, só se valorará a primeira).

O prazo será de DEZ días contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente extracto de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Sétimo.- Prazo de xustificación.

O prazo de xustificación das subvencións finalizará o día 30 de novembro de 2025, aínda que antes de finalizar o prazo, poderá ampliarse por solicitude do interesado ou por



proposta razoada da unidade xestora ata o 31 de xaneiro de 2026.

Oitavo.- Compatibilidade con outras axudas.

Esta subvención é compatible con outras axudas, de entidades públicas ou privadas. En ningún caso o importe da subvención municipal poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outros ingresos, subvencións ou axudas, supere o custo da actividade xustificada polo beneficiario.